

POLÍTICA DA CALIDADE

O C.E.I.P. "Os Muíños" ten definida a calidade como parte fundamental da súa política e estratexia e ten adoptado un sistema de xestión da organización baseado nos principios da calidade. En concreto, o referente fundamental son os requisitos expresados na Norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Asumindo o espírito desa norma, o noso centro ten adoptada a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- ☐ Atención ás demandas (explícitas e implícitas) do noso alumnado, do persoal do centro e dos grupos de interese, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- ☐ Coordinación dos nosos procesos e proxectos coa misión e visión institucionais, procurando actuar conforme ás condutas que se recollen na formulación dos valores.
- ☐ Afán de mellora continua en todas as actividades a través das que prestamos servizo aos nosos usuarios, mediante un enfoque baseado en procesos nos que se contempla a súa planificación, desenvolvemento, revisión e mellora.
- ☐ Adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- ☐ Mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos e avaliando o nivel de logro dos mesmos.

Estas directrices desenvólense a través dos seguintes procesos e proxectos:

- ☐ Implantación e desenvolvemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- ☐ Medición e análise periódico da satisfacción de usuarios.
- ☐ Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- ☐ Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Desenvólense, así mesmo, nos plans anuais a través da formulación e o cumprimento dos obxectivos. Os obxectivos do centro serán cuantificables e medibles a través de indicadores e todos eles constitúen os obxectivos da calidade; o seu grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Todas as persoas do centro aceptan este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no sistema de xestión da calidade, así como o de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

A dirección do centro facilitará os medios e a formación necesarios para desenvolver con éxito as actividades derivadas da implantación do sistema de calidade.

(Texto aprobado polo Consello Escolar o día 14 de abril de 2016)

Preparado: F.L.	Revisado: F.L.	Aprobado: A.P.
13/04/16	13/04/16	14/04/16